

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL  
E MARIÑO**

- 6414** *Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñado.*

A política agrícola común (en diante PAC), desde os anos 90, foi integrando progresivamente as novas demandas da sociedade europea. Neste sentido, o ambiente, a saúde pública, a sanidade e o benestar animal son algúns dos novos condicionantes da PAC.

A revisión da reforma da PAC de 2003, que se levou a cabo a través do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, reforzou o concepto de condicionalidade, que inclúe as boas condicións agrarias e ambientais e os requisitos legais de xestión en materia de ambiente, saúde pública, sanidade e benestar animal. Este regulamento establece a obriga para todo agricultor que reciba pagamentos directos de cumprir cos requisitos legais de xestión citados no seu anexo II e coas boas condicións agrarias e ambientais que establezan os Estados membros, e en virtude do seu artigo 6, sobre a base do marco establecido no seu anexo III.

O Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, no artigo 4.2, establece que a autoridade competente proporcionará aos agricultores a lista dos requisitos legais de xestión e das boas condicións agrarias e ambientais que deberán respectar.

O Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 73/2009, establece as bases do sistema de control da condicionalidade e a base para o cálculo das reducións e exclusións da axuda por incumprimento, e os Estados membros deberán establecer os sistemas concretos que garantan un control efectivo do cumprimento da condicionalidade.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), establece no seu artigo 51 que os beneficiarios das axudas previstas nos incisos i) a v) da letra a) e nos incisos i), iv) e v) da letra b) do artigo 36 dese regulamento deberán cumprir en toda a súa explotación os mesmos requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que os beneficiarios de axudas directas.

Ademais, os beneficiarios das axudas agroambientais previstas no artigo 36, letra a), inciso iv) do Regulamento (CE) 1698/2005, deberán cumprir tamén os requisitos mínimos en relación coa utilización de fertilizantes e produtos fitosanitarios establecidos nos correspondentes programas de desenvolvemento rural.

O Regulamento (CE) n.º 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro de 2006, establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do Consello, no que respecta aos procedementos de control da condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, do 29 de abril de 2008, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, establece nos artigos 20 e 103 respectivamente que deberán respectar os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión do viñedo así como os que reciban pagamentos da prima por arrinca.

O Regulamento (CE) n.º 796/2004 foi modificado para establecer as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 479/2008 no que respecta aos procedementos de control da condicionalidade en relación coas medidas de reconversión, reestruturación e arrinca de viñedo.

En España, mediante o Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común, establecéronse as boas condicións agrarias e ambientais e sinalábanse os requisitos legais de xestión que debe cumprir o agricultor consonte a condicionalidade das axudas directas da PAC, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

Tras un primeiro período de aplicación da condicionalidade, considérase conveniente substituír o Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, para incluír as modificacións da lexislación comunitaria, ter en conta as recomendacións da Comisión en relación coa aplicación da condicionalidade e simplificar e clarexar algúns requisitos co obxectivo de favorecer o seu cumprimento e control.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de abril de 2009,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deberá cumprir:

- a) Todo agricultor que reciba pagamentos directos, en virtude do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 73/2009.
- b) Os beneficiarios das axudas previstas nos incisos i) a v) da letra a) e nos incisos i), iv) e v) da letra b) do artigo 36 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005.
- c) Os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión do viñedo e os que reciban pagamentos da prima por arrinca, segundo o disposto nos artigos 20 e 103 do Regulamento (CE) n.º 479/2008.

##### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no Regulamento (CE) n.º 73/2009 e no Regulamento (CE) n.º 796/2004, así como as seguintes:

- a) Labrar a terra: remover o terreo de cultivo, mediante útiles mecánicos.
- b) Recinto SIXPAC ou recinto: cada unha das superficies continuas dentro dunha parcela con uso agrícola único dos definidos dentro do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC).
- c) Pendente: a inclinación media do terreo calculada nun recinto SIXPAC a partir dun modelo dixital de elevacións, composto por unha malla de puntos cunha equidistancia entre estes dun máximo de 20 metros e unha precisión similar á da cartografía 1:10.000.
- d) Solo saturado: aquel solo en que todos os seus poros están cheos de auga.

e) Terrazas de retención: os socalcos de pedra seca, os ribazos provistos de vexetación herbácea, arbustiva ou arbórea; as terrazas e gabias de contorno no caso de labra a nivel e as barreiras vivas vexetais perpendiculares á pendente que, mediante o control das escorregaduras, protexen o solo da erosión.

f) Carga gandeira efectiva: o gando, calculado en unidades de gando maior (UGM), que, por hectárea de superficie forraxeira, se mantén principalmente a base de recursos naturais propios.

g) Vexetación espontánea non desexada: aquelas especies vexetais que, aínda que non poñan en risco a capacidade produtiva dos solos agrícolas a medio e longo prazo, ameacen coa súa proliferación, con romper o tradicional equilibrio agroecolóxico dun predio ou zona de cultivo determinada e con afectar por extensión os campos de cultivo estremeiros.

h) Elemento estrutural: aquelas características do terreo tales como as marxes das parcelas con características singulares, terrazas de retención, camallóns, illas e enclaves de vexetación natural ou rocha, sebes e soutos que se encontren no interior da parcela, pozas, lagoas, estanques e abrevadeiros naturais e árbores de barreira en liña, en grupo ou illados. Así mesmo, considéranse elementos estruturais pequenas construcións, como muretes de pedra seca, antigos pombais ou outros elementos de arquitectura tradicional que poidan servir de abeiro para a flora e a fauna.

i) Refinación de terras: aquelas operacións de acondicionamento da superficie do solo dos socalcos e terras de regadío, destinadas a mellorar a eficiencia de uso da auga e facilitar a práctica da rega, realizadas sobre parcelas de cultivo en que se utilizan métodos de rega por gravidade, por superficie e inundación.

j) Zonas con elevado risco de erosión: as zonas que, para tal efecto, sexan establecidas pola autoridade competente da comunidade autónoma ou, de ser o caso, as definidas no Inventario Nacional de Erosión de Solos (2002-2012) do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, ou no Mapa de Estados Erosivos (1986-1990) do Ministerio de Medio Ambiente nas zonas onde non se editase o citado inventario.

### Artigo 3. *Obrigas da condicionalidade.*

1. Os solicitantes de axuda a que se refire o artigo 1 deberán cumprir os requisitos legais de xestión enumerados no anexo I deste real decreto e as boas condicións agrarias e ambientais definidas no anexo II, así como o que se estableza nas lexislacións autonómicas en desenvolvemento destas obrigas.

2. Ademais dos requisitos a que se refire o número anterior, os beneficiarios das axudas agroambientais previstas no artigo 36, letra a), inciso iv) do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, deberán cumprir os requisitos mínimos de utilización de fertilizantes e produtos fitosanitarios establecidos nos correspondentes programas de desenvolvemento rural.

### Artigo 4. *Pastos permanentes.*

O agricultor ou gandeiro titular de superficies dedicadas a pastos permanentes aterase ás exigencias previstas na normativa comunitaria, así como ás que establezan, de ser o caso, as comunidades autónomas, co obxecto de previr que a superficie total de pasteiros permanentes sufra unha redución significativa conforme o previsto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 e no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, no que se recollen as marxes de redución anuais admisibles respecto da proporción de referencia.

No suposto de exceder no ámbito nacional as citadas marxes e de acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, as autoridades competentes das comunidades autónomas en que se producise tal exceso poderán establecer as obrigas de carácter individual que sexan necesarias, sen prexuízo da competencia de coordinación, que corresponde ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

*Artigo 5. Coordinación e control da condicionalidade.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), adscrito ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, será a autoridade nacional encargada do sistema de coordinación dos controis da condicionalidade, no sentido do artigo 20.3 do Regulamento (CE) n.º 73/2009.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas, como autoridades responsables no seu ámbito territorial das actividades de control, designarán os correspondentes órganos ou organismos especializados de control para asegurar a observancia dos requisitos de condicionalidade a que se refire o artigo 3 deste real decreto.

De acordo co disposto no artigo 42.2 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, o organismo pagador poderá ser designado para realizar tamén os controis de todos ou algúns dos ámbitos de aplicación da condicionalidade, sempre que a comunidade autónoma respectiva garanta que a eficacia dos controis sexa igual, polo menos, á conseguida cando estes os realiza un órgano ou organismo especializado de control.

3. As autoridades competentes para o cálculo das reducións e exclusións, a que se refire o artigo 8, serán os organismos pagadores das comunidades autónomas.

*Artigo 6. Sistema de control.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas comunicarán ao FEGA os órganos ou organismos especializados de control ou, de ser o caso, os organismos pagadores que exercerán esa función.

O organismo pagador competente para o pagamento da axuda comunicará ás autoridades de control correspondentes do ámbito territorial en que radiquen as explotacións a información necesaria sobre os agricultores que soliciten algunha das axudas recollidas no artigo 1 deste real decreto para que aquelas poidan realizar os controis pertinentes.

2. As comunidades autónomas efectuarán, sobre os expedientes correspondentes aos agricultores/beneficiarios aos cales lles é de aplicación este real decreto, controis administrativos, en particular os que xa se establezan nos sistemas de control, aplicables ao requisito, norma, acto ou ámbito de aplicación da condicionalidade respectivo, cando existan os métodos adecuados para iso, tal e como establece o artigo 43 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

3. Os métodos que se aplicarán para a selección das mostras de control sobre o terreo axustaranse ao disposto no artigo 45 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

4. Con respecto aos requisitos da condicionalidade de que é responsable, o organismo especializado de control ou, de ser o caso, o organismo pagador efectuará controis sobre o terreo sobre o un por cento, como mínimo, da totalidade dos agricultores que presenten solicitudes de pagamentos directos, o un por cento, como mínimo, dos beneficiarios que presenten solicitudes de pagamento en virtude do artigo 36, letra a), incisos i) a v), e letra b), incisos i), iv), e v) do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, e de igual forma, a mesma porcentaxe mínima dos solicitantes de axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión do viñedo así como os que reciban pagamentos da prima por arrinca en virtude dos artigos 20 e 103 do Regulamento (CE) n.º 479/2008 e, en todos os casos, que teñan que cumprir algún destes requisitos ou normas.

Estas porcentaxes mínimas de controis poderanse acadar ben no ámbito de cada organismo especializado de control, ben no ámbito do organismo pagador.

Cando a lexislación aplicable aos actos e as normas fixe xa porcentaxes mínimas de control, aplicaranse esas porcentaxes en lugar da porcentaxe mínima mencionada.

5. As características e amplitude dos controis axustaranse ao disposto nos artigos 46 e 47 do Regulamento (CE) n.º 796/2004.

6. Os controis sobre o terreo efectuados deberán ser obxecto dunha acta de control que recolla os resultados da visita de inspección. A partir desta acta elaborárase un informe que se axustará ao disposto nos artigos 48 e 65 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, no caso de que a acta de control non conteña os elementos exixidos nos citados artigos. Informarase o agricultor de todo incumprimento observado no prazo dos tres meses posteriores á data do control sobre o terreo.

7. Cando dos controis sobre o terreo, efectuados durante unha campaña, se deduza un importante grao de incumprimento nun determinado acto ou norma, no período de control seguinte incrementarase o número de controis sobre o terreo que hai que realizar para tal acto ou norma, tal como establece o artigo 44.2 do Regulamento (CE) 796/2004.

8. Os órganos ou organismos encargados da execución dos controis remitirán os informes ao organismo pagador da comunidade autónoma que deba efectuar o pagamento, de acordo co previsto nos artigos 9.e) e 48.3 e nos prazos establecidos para iso no Regulamento (CE) n.º 796/2004.

#### Artigo 7. *Plans de control.*

1. O FEGA, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de controis da condicionalidade, en que se recollerá calquera aspecto que se considere necesario para a realización coordinada dos controis sobre o terreo e dos controis administrativos. Este plan elaborárase de conformidade cos criterios especificados no Regulamento (CE) n.º 796/2004 e coas normas do artigo 6 deste real decreto.

2. Os plans autonómicos de control, axustados aos criterios xerais do plan nacional, comunicaránse ao FEGA no prazo dun mes desde a súa aprobación.

#### Artigo 8. *Aplicación de reducións ou exclusións.*

1. Cando non se respecten os requisitos legais de xestión, as boas condicións agrarias e ambientais ou os requisitos mínimos de utilización de fertilizantes e produtos fitosanitarios, para os beneficiarios de axudas agroambientais, en calquera momento dun ano natural determinado e o incumprimento, referido a unha actividade agraria ou superficie agrícola da explotación, sexa consecuencia dunha acción ou omisión directamente atribuíble á persoa que no ano en cuestión solicitou a axuda dalgún dos réximes a que fai referencia o artigo 1 deste real decreto, reducirase ou anularase o importe total dos pagamentos directos, logo de aplicación dos artigos 7 e 11 do Regulamento (CE) n.º 73/2009, das axudas ao desenvolvemento rural que se deba aboar no ano civil en que se detecte o incumprimento conforme o disposto nos artigos 66, 67, 68 e 71 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 e nos artigos 22, 23 e 24 do Regulamento (CE) 1975/2006 e das axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión do viñedo e prima por arrinca.

2. En caso de transferencia parcial ou total da explotación, independentemente de que o incumprimento resulte dun acto ou omisión atribuíble á persoa a que se transfire a terra de cultivo ou á persoa que transfire esa terra, a redución ou anulación do importe total dos pagamentos directos, reestruturación e reconversión do viñedo e prima por arrinca, aplicaráselle á persoa que recibise o pagamento pola superficie afectada pola infracción. A partir do ano 2010, a redución ou anulación dos pagamentos directos, así como dos pagamentos de desenvolvemento rural e dos correspondentes á reestruturación, reconversión e arrinca de viñedo, aplicaráselle á persoa a que é atribuíble o incumprimento se ela solicitou algún deses pagamentos.

3. Para os efectos do artigo 24.2, parágrafo segundo, do Regulamento (CE) n.º 73/2009, non se aplicarán reducións a un agricultor cando todos os incumprimentos que se detectasen sexan menores, entendendo como tales de gravidade leve, que non teñen repercusión fóra da explotación e dos que non derivan efectos ou o tempo de permanencia destes sexa menor dun ano. Os casos que entrañen riscos directos para a saúde pública ou a sanidade animal non se considerarán incumprimentos menores. Unha vez informado o agricultor das medidas correctoras que debe adoptar, se non corrixe a situación dentro dun prazo que non poderá ser posterior ao 30 de xuño do ano seguinte a aquel en que se observase o incumprimento, este non se considerará menor e aplicarase como mínimo unha redución do 1%. En caso de adoptar as medidas correctoras dentro do prazo previsto, non se considerará un incumprimento.

No caso dos beneficiarios das axudas previstas nos incisos i) a v) da letra a) e nos incisos i), iv) e v) da letra b) do artigo 36 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, o establecido neste punto será aplicable a partir do ano 2010.

4. Os importes resultantes das reducións efectuadas por incumprimentos da condicionalidade que non se aboan ao FEAGA en aplicación do artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 corresponderán ás comunidades autónomas de forma proporcional ás contías retidas en cada unha delas.

Os importes resultantes das reducións efectuadas por incumprimento da condicionalidade, por parte dos beneficiarios das axudas ao desenvolvemento rural previstas nos incisos i) a v) da letra a) e nos incisos i) iv) e v) da letra b) do artigo 36 do Regulamento (CE) n.º 1698/2003, quedaran á disposición do correspondente programa de desenvolvemento rural de que se trate.

#### Artigo 9. *Coordinación e comunicacións entre administracións públicas.*

1. O FEAGA, como organismo de coordinación de organismos pagadores, recibirá a información prevista no artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 e no artigo 34 do Regulamento (CE) 1975/2006, da cal dará traslado á Comisión Europea.

2. Para que se poida cumprir o establecido no número 1 do artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 nos prazos previstos, as comunidades autónomas remitirán ao FEAGA antes do 15 de xuño un informe correspondente ao ano civil anterior, que recolla os resultados dos controis, os organismos especializados de control, así como a restante información a que se refire ese número.

3. Para cumprir o establecido no número 2 do artigo 76 do Regulamento (CE) n.º 796/2004, as comunidades autónomas remitirán ao FEAGA, antes do 30 de setembro de cada ano, a información relativa á superficie declarada polos solicitantes como pasteiros permanentes, así como á superficie agraria total declarada.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2352/2004, do 23 de decembro, sobre a aplicación da condicionalidade en relación coas axudas directas no marco da política agrícola común.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que reserva ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto. Así mesmo, facúltase para modificar as datas a que se refire o artigo 9.

2. Así mesmo, sen prexuízo da aplicación deste real decreto, facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, de ser o caso, as disposicións específicas para a aplicación e adaptación do sistema da condicionalidade das axudas directas ás peculiaridades propias da Comunidade Autónoma de Canarias.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 3 de abril de 2009.

JUAN CARLOS R.

**ANEXO I**  
**Requisitos legais de xestión (normas comunitarias e estatais)**

ÁMBITO	DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS; ACTOS	ARTIGOS DE REFERENCIA; REQUISITOS	NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA
Ambiente	1. Dir. 79/409 conservación das aves silvestres	Art. 3 e 4: Preservar os espazos que constitúen os hábitats naturais das especies de aves migratorias, ameazadas e en perigo de extinción. Art. 5: Réxime xeral de protección para todas as especies de aves.	Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
	2. Dir. 80/68 protección das augas subterráneas contra a contaminación	Art. 4 e 5: Impedir a introdución de determinadas substancias perigosas nas augas subterráneas.	Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o réxime do dominio público hidráulico
	3. Dir. 86/278 protección do ambiente e en particular dos solos na utilización dos lodos de depuradora en agricultura	Art. 3: Cumprimento da normativa nacional relativa á utilización de lodos en agricultura.	Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario Orde do 26 de outubro de 1993, que desenvolve o Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, sobre utilización dos lodos de depuración no sector agrario.
	4. Dir. 91/676 protección das augas contra a contaminación producida por nitratos.	Artigos 4 e 5: Cumprimento das medidas establecidas nos programas de actuación, nas explotacións agrícolas e gandeiras situadas en zonas declaradas pola comunidade autónoma como zonas vulnerables.	Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias
	5. Dir. 92/43 conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.	Art. 6: Conservación de hábitats e especies da Rede Natura 2000. Art. 13: Prohibición de recoller, así como cortar, arrincar ou destruír intencionadamente na natureza as especies listadas no anexo V. b) da Lei 42/2007, na súa área de distribución natural.	Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade. Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres
	6. Dir. 2008/71/CE identificación e rexistro de porcos	Art. 3: Rexistro de explotacións porcinas por parte dos Estados membros. Art. 4: Condicións dos rexistros das explotacións de animais da especie porcina. Art. 5: Requisitos de identificación e do movemento de animais da especie porcina.	Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie porcina. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.
	7. Regulamento (CE) nº 1760/2000 Sistema de identificación e rexistro de bovinos e etiquetaxe da carne de vacún e dos seus produtos.	Art. 4: Requisitos e condicións da marcación auricular da especie bovina. Art. 7: Requisitos e condicións do pasaporte e do rexistro de animais da especie bovina.	Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras. Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.
Identificación e rexistro dos animais			

ÁMBITO	DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS: ACTOS	ARTIGOS DE REFERENCIA: REQUISITOS	NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA
Saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias	<p>8. Regulamento (CE) nº. 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa e se modifica o Regulamento (CE) nº 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE (DO L 5 de 9.1.2004, p.8).</p> <p>9. Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo de 1991, relativa á comercialización dos produtos fitosanitarios (DO L 230, 19.8.1991, p. 1)</p> <p>10. Directiva 96/22/CE do Consello, do 29 de abril de 1996, pola que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas na cría de gando e pola que se derroga as directivas 81/602/CEE, 88/146/CEE e 88/299/CEE (DO L 125, 23.5.1996, p.3)</p>	<p>Artigos 3, 4 e 5: Comprobar a correcta identificación e rexistro do gando ovino-cabrún.</p> <p>Artigo 3: Información correcta de produtos fitosanitarios autorizados e existencia do seu rexistro.</p> <p>Artigos 3, 4, 5 e 7: Comprobar que non hai na explotación, salvo que exista unha xustificación, substancias non autorizadas, non administrar tales substancias aos animais (salvo as excepcións para os tratamentos zootécnicos ou terapéuticos) e non comercializar animais aos cales se lles subministrasen substancias ou produtos non autorizados e, en caso de administración de produtos autorizados, que se respectou o prazo de espera prescrito para eses produtos.</p>	<p>Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa.</p> <p>Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.</p> <p>Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.</p> <p>Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios</p> <p>Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando</p>
Notificación de enfermidades	<p>11. Regulamento (CE) nº. 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguraza alimentaria (DO L 31, 1.2.2002, p.1)</p> <p>12. Regulamento (CE) nº. 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (DO L 147, 31.5.2001 pl1).</p> <p>13. Directiva 85/511/CEE do Consello, do 18 de novembro de 1985, pola que se establecen medidas comunitarias de loita contra a febre aftosa (DO L 315, 26.11.1985, p.11)</p>	<p>Art. 14: Os produtos da explotación destinados a ser comercializados como alimentos deben ser seguros.</p> <p>Art. 15: Comprobar que nas explotacións gandeiras destinadas á produción de alimentos non existen nin se lles dá aos animais pensos que non sexan seguros.</p> <p>Art. 17(1) (*): Sobre hixiene dos produtos alimentarios e dos pensos (desenvolto polos regulamentos (CE) nº 852/2004 e 183/2005, e sobre hixiene dos produtos de orixe animal (desenvolto polo Regulamento (CE) nº 853/2004).</p> <p>Art. 18: Rastreabilidade. Identificación dos operadores que subministraron a unha explotación pensos, alimentos, animais para produción de alimentos, ou substancias destinadas a ser incorporadas a un penso ou a un alimento e identificación dos operadores a que a explotación lles subministrou os seus produtos</p> <p>Art. 19 e 20: Responsabilidades dos explotadores de empresas de pensos/alimentos.</p> <p>Art. 7: Respetar as prohibicións en materia de alimentación dos animais.</p> <p>Art. 11: Cumprimento na notificación de encefalopatías esponxiformes transmisibles.</p> <p>Art. 12: Adopción das medidas relativas aos animais sospeitosos.</p> <p>Art. 13: Adopción das medidas consecuentes á confirmación da presenza de encefalopatías esponxiformes transmisibles.</p> <p>Art. 15: Posta no mercado de animais vivos, esperma, os seus óvulos e embrións.</p> <p>Art. 3: Cumprimento na notificación da febre aftosa.</p>	<p>Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene de pensos e se establece o Rexistro Xeral de Establecementos no sector de alimentación animal: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p> <p>Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro, pola que se establecen as obrigas dos titulares de explotacións agrícolas e forestais en materia de rexistro da información sobre o uso de produtos fitosanitarios.</p> <p>Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p> <p>Real decreto 2179/2004, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas de loita contra a febre aftosa.</p>



ÁMBITO	DIRECTIVAS E REGULAMENTOS COMUNITARIOS: ACTOS	ARTIGOS DE REFERENCIA: REQUISITOS	NORMAS NACIONAIS DE REFERENCIA
Benestar animal	14. Directiva 92/119/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1992, pola que se establecen medidas comunitarias xerais para a loita contra determinadas enfermidades de animais e medidas específicas respecto á enfermidade vesicular porcina (DO L 327, 22.12.2000, p.74)	Art. 3: Cumprimento na notificación da enfermidade vesicular porcina e outras enfermidades de declaración obrigatoria recollidas no anexo I da directiva.	Real decreto 654/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.
	15. Directiva 2000/75/CEE do Consello, do 20 de novembro de 2000, pola que se aproban disposicións específicas relativas ás medidas de loita e erradicación da febre catarral ovina (DO L 327, 22.12.2000, p. 74)	Art. 3: Cumprimento na notificación obrigatoria da febre catarral ovina ou lingua azul.	Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.
	16. Directiva 91/629/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos (DO L 340, 11.12.1991, p.28)	Art. 3: Condicións das explotacións de xatos. Art. 4: Condicións relativas á cría dos xatos.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos.
	17. Directiva 91/630/CEE do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos (DO L 340, 11.12.1991, p. 33)	Art. 3: Condicións das explotacións de porcos. Art. 4 (1): Condicións relativas á cría de porcos.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos.
18. Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (DO L 221, 8.8.1998, p. 23)	Art. 4: Condicións de cría e mantemento de animais.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio: no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras	

(\*) Implementado por:

Regulamento (CE) n.º 852/2004: artigo 4(1) e anexo I parte A (II4 (g, h, j), 5 (f, h), 6; III 8 (a, b, d, e), 9 (a, c)).  
Regulamento (CE) n.º 853/2004: artigo 3(1) e anexo III, sección IX, capítulo 1 (-1 a, b, c, d, e; 1-2 a (i, ii, iii), b (i, ii), c; 1-3; 1-4; 1-5; II-A 1, 2, 3, 4; II-B 1 (a, d), 2, 4 (a, b)), anexo III, sección X, capítulo 1(1).  
Regulamento (CE) n.º 1831/2003: artigo 5(1) e anexo I, parte A, (1-4 e, g; II-2 a, b, e), artigo 5(5) e anexo III (1.2), artigo 5(6).  
Regulamento (CEE) n.º 2377/90: artigos, 2, 4 e 5.  
Regulamento (CE) n.º 396/05: artigo 18.

## ANEXO II

### Boas condicións agrarias e ambientais

1. Normas exixibles para evitar a erosión.

a) Cobertura mínima do solo.

1.º Cultivos herbáceos.

Nas parcelas agrícolas de secaño que se sementen con cultivos herbáceos de inverno non se deberá vesar o solo entre a data de recolección da colleita anterior e o 1 de setembro, data que se establece como referencia do inicio da presemteira, excepto para realizar cultivos secundarios, tal como se recolle no Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería.

Non obstante, para favorecer a implantación da cuberta vexetal con cultivos herbáceos e por razóns agronómicas, como as dobres colleitas, climáticas e de tipoloxía de solos, poderanse establecer en certas zonas datas de inicio de presemteira máis adaptadas ás súas condicións locais, así como técnicas adecuadas de labra.

2.º Cultivos leñosos.

No caso do oliveiral en pendente igual ou superior ao 10%, en que se manteña o solo nu na volta das oliveiras mediante a aplicación de herbicidas, será necesario manter unha cuberta vexetal de largura mínima de 1 metro nas rúas transversais á liña de máxima pendente ou nas rúas paralelas a esa liña, cando o deseño da parcela ou o sistema de rega impidan o seu establecemento na outra dirección. Non obstante, no momento en que poida competir co cultivo, esa cuberta poderase eliminar mediante métodos químicos ou mecánicos e poderá ser incorporada mediante un labor superficial, respectando en todo caso o establecido no punto 1.b.2.º desta norma.

Non se poderá arrincar ningún pé de cultivos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 15 por cento, salvo que sexa obxecto de reposición autorizada pola autoridade competente e naquelas zonas en que así se estableza e nestes casos deberanse respectar as normas destinadas á súa reconversión cultural e varietal e aos cambios de cultivo ou aproveitamento.

O disposto en ambos os parágrafos non será de aplicación cando a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos.

3.º Terras de barbeito e de retirada.

Nas terras de retirada ou barbeito realizaranse opcionalmente algunha das seguintes prácticas: as tradicionais de cultivo, as de mínima labra ou o mantemento dunha cuberta vexetal adecuada, ben sexa espontánea ben mediante a sementeira de especies mellorantes.

De forma alternativa ao mantemento dunha cuberta vexetal, ou para complementar a labra tradicional ou a mínima labra e con fins de fertilización, poderase incorporar unha cantidade máxima total de 20 toneladas por hectárea (t/ha) de esterco ou 40m<sup>3</sup>/ha de xurro cada tres anos, cando estea prevista a inmediata sementeira ou implantación dun cultivo, e de conformidade co disposto no Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre a protección de augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

b) Ordenación mínima da terra que respecte as condicións específicas do lugar.

Labra adaptada ás condicións da pendente.

1.º Cultivos herbáceos.

Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non se deberá vesar a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente media exceda

o 10 por cento, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos.

2.º Cultivos leñosos.

En cultivos de viñedo, oliveiral e froitos secos non se deberá vesar a favor da pendente a terra en recintos con pendentes superiores ao 15 por cento, salvo que se adopten formas de cultivo especiais como terrazas ou socalcos, cultivo en faixas, se practique unha labra de conservación ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. En caso de existencia de socalcos, será obrigatorio evitar calquera tipo de labores que afecten a estrutura dos noiros existentes.

O disposto nas alíneas 1.ª e 2.ª non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren adecuadas. En todos os supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible, para evitar que o solo se poida ver afectado pola erosión.

Zonas con elevado risco de erosión.

Deberanse respectar as restriccións que estableza a Administración competente para evitar a degradación e a perda de solo.

c) Terrazas de retención.

As terrazas de retención deberanse manter en bo estado de conservación, coa súa capacidade de drenaxe, evitando os aterramentos e derrubamentos e, en calquera caso, a aparición de cárcavas.

2. Normas exixibles para conservar a materia orgánica do solo.

Xestión do restroballo.

1.º Non se poderá queimar restroballo en todo o ámbito nacional, salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima estea autorizada pola autoridade competente, caso en que estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de incendios e, en particular, das relativas á largura mínima dunha franxa perimetral cando os terreos estremen con terreos forestais.

2.º Cando se eliminan restos de colleita de cultivos herbáceos e dos de poda de cultivos leñosos, deberase realizar sempre consonte a normativa establecida.

3. Norma para evitar a compactación e manter a estrutura dos solos: utilización da maquinaria adecuada.

En solos saturados, así como en terreos encharcados, salvo os de arroceira, ou con neve, non se deberá realizar a labra nin pasar ou permitir o paso de vehículos sobre o terreo, salvo naqueles casos considerados de necesidade pola autoridade competente.

Para estes efectos, considéranse casos de necesidade os relacionados coas operacións de recolección de colleitas, fertilización de cobertoira, de tratamentos fitosanitarios, de manexo e de subministración de alimentación ao gando, que coincidan accidentalmente con épocas de chuvias.

4. Normas para garantir un nivel mínimo de mantemento e previr a deterioración dos hábitats.

a) Mantemento de pasteiros permanentes.

As superficies de pasteiros permanentes deberanse manter en condicións adecuadas, evitando a súa degradación e invasión por matogueira. Para iso poderase optar por manter un nivel mínimo de carga gandeira efectiva que será sempre igual ou superior a 0,1 UGM/ha. Por encima deste nivel mínimo poderanse establecer, conforme o tipo de pasteiro e as condicións locais, os niveis mínimos e máximos de carga gandeira efectiva que se consideren máis apropiados en función de distintos agro-ecosistemas. En caso de

pendentes maiores do 20%, as comunidades autónomas poderán establecer unha carga máis reducida.

De forma alternativa, en caso de non alcanzar os oportunos niveis de carga gandeira efectiva, será requisito obrigatorio realizar un labor de mantemento adecuado que evite a degradación do pasto permanente de que se trate e a súa invasión por matogueira.

b) Protección dos pasteiros permanentes.

Non se poderán queimar nin decruar os pasteiros permanentes, salvo para labores de rexeneración da vexetación e, no caso de rexeneración mediante queima, será necesaria a autorización previa e o control da Administración competente. En todo caso, será obrigatoria a adopción de medidas destinadas á protección do arboredo na zona da queima e no seu contorno.

c) Mantemento dos elementos estruturais.

Non se poderá efectuar unha alteración dos elementos estruturais definidos no artigo 2 deste real decreto sen a autorización da autoridade competente. Exceptúanse desta obriga a construción de paraxes para corrección de ramblas, regueiros e socialcos, así como as operacións de refinación de terras que se realicen naquelas parcelas que se vaian dedicar ao cultivo do arroz e outros de regadío.

d) Prohibición de arrincar oliveiras.

Cando o órgano competente de cada comunidade autónoma considere que existe un elevado risco de abandono da produción agraria, de despoboamento ou outras razóns que así o aconsellen, poderá establecer zonas en que non se poderán arrincar oliveiras sen que estas sexan substituídas.

e) Prevención da invasión das terras agrícolas por vexetación espontánea non desexada.

Será obrigatorio o mantemento das parcelas en condicións apropiadas para o seu cultivo, mediante o control da vexetación espontánea non desexada e, en caso necesario, a Administración competente poderá determinar para cada zona o ciclo temporal e a lista de especies vexetais que sexa obrigatorio controlar.

Tal obriga quedará sen efecto unicamente naquelas campañas excepcionais en que, como consecuencia de condicións meteorolóxicas adversas, resultase imposible proceder no momento adecuado á súa eliminación.

f) Mantemento dos oliveirais e viñedos en bo estado vexetativo.

1.º Realizar as podas coa frecuencia tradicional de cada zona para o mantemento das oliveiras en bo estado vexetativo.

2.º Realizar as podas coa frecuencia tradicional de cada zona para o mantemento dos viñedos en bo estado vexetativo.

g) Mantemento dos hábitats.

1.º Non se poderán abandonar ou verter materiais residuais procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras sobre terreos encharcados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas.

2.º Non se poderán aplicar produtos fitosanitarios, fertilizantes, lodos de depuradora, compost, xurros ou esterco nin limpar a maquinaria empregada para estas aplicacións sobre terreos encharcados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas. Exceptúase desta prohibición a aplicación de fertilizantes e tratamentos fitosanitarios en parcelas de cultivo de arroz.

3.º Para evitar o risco de filtración e contaminación das augas superficiais e subterráneas, as explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente deberán dispor e utilizar tanques de almacenamento ou fosas, esterqueiros e balsas impermeabilizadas natural ou artificialmente, estancas e con capacidade adecuada ou, de

ser o caso, dispor da xustificación do sistema de retirada dos estercos e xurros da explotación.

h) Uso da auga e rega.

1.º Para as superficies de regadío o agricultor deberá acreditar o seu dereito de uso de auga de rega concedido pola Administración hidráulica competente.

2.º Os titulares das concesións administrativas de augas e todos aqueles que por calquera outro título teñan dereito ao seu uso privativo estarán obrigados a dispor dos sistemas de control da auga de rega establecidos polas respectivas administracións hidráulicas competentes, de forma que garantan unha información precisa sobre os caudais de auga efectivamente utilizados.